



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XUÑO DO 2022.

Sesión 10/2022-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>Na Casa do Concello de Sada, sendo as 20.05 horas do día xoves 30 de xuño do 2022, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados (telematicamente está presente D. José Luis Tellado Villares), membros todos da Corporación (escusa a súa ausencia D. Ramiro Blanco Montero) e hai unha vacante de concelleiro/a polo BNG), co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Aberta a sesión pola Presidencia, procédeuse ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO POR EXECUCIÓN DE SENTENZAS TSXG, ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE DO EMPREGO PÚBLICO E CREACIÓN DE NOVOS POSTOS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Modificación da Relación de Postos de Traballo por execución de sentenzas TSXG, adopción de medidas de redución da temporalidade do emprego público e creación de novos postos.

1º. Corrixir a táboa de postos da RPT integrada no acordo adoptado polo concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 23-5-2022 adoptouse definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Sada (BOP núm.98, 25-5-2022), quedando a seguinte redacción no posto indicado:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



110002	Auxiliar de comunicación e equipos	1	18	5.430,11	C	NS	F	AM	C/C2										
--------	------------------------------------	---	----	----------	---	----	---	----	------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

2º. *Publicar a corrección no Boletín Oficial da Provincia>>>.*

Debátase o asunto coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG): da sra. Pardo Fafián (PSOE) quen sinala que xa na CIX preguntou pola falta de informe e pola motivación, e solicita que quede enriba da Mesa; e da sra. Salorio Porral (PP) reitera a falta de transparencia e anuncia que se absterán.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Corrixir a táboa de postos da RPT integrada no acordo adoptado polo concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 23-5-2022 adoptouse definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Sada (BOP núm.98, 25-5-2022), quedando a seguinte redacción no posto indicado:

110002	Auxiliar de comunicación e equipos	1	18	5.430,11	C	NS	F	AM	C/C2										
--------	------------------------------------	---	----	----------	---	----	---	----	------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Segundo.- Publicar a corrección no Boletín Oficial da Provincia.

2º.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA REFORMA EDIFICACIÓN (ANTIGO EDIFICIO ESCOLA DE CARNOEDO).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Subvención nominativa para Reforma edificación (antigo edificio escola de Carnoedo)

1º.- *Aprobar a corrección efectuada no proxecto técnico asinado en data 09-06-2022, redactado pola Arquitecta D.ª Ana Isabel Ecurís Villanustre, colexiada 2482, para a Reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnoedo), por importe total de 186.121,50 € (Base imponible: 153.819,42, IVE 32.302,08, Total: 186.121,50 €), na que se recollen os cambios derivados de erros materiais de xustificación de prezos descompostos, control de calidade, xestión de refugallos e subsanación de documentación, así como novo orzamento, deficiencias que se subsanan.*

2º.- *Solicitar subvención nominativa á Excm. Deputación Provincial por importe de 140.000,00 € para a execución de dito proxecto, que supón un 75,219682 de coeficiente de financiamiento,*

3º.- *A execución deste proxecto considérase de interese público para a cidadanía por motivos sociais, culturais e deportivos que supoñen o achegamento a zonas rurais para realizar actividades de interese xeral, tratando de impulsar o asociacionismo creando espazos que fortalezan os obxectivos das entidades asociativas e ademáis está enfocado a fortalecer o movemento asociativo xuvenil, que se veu debilitado pola crisis sanitaria, creando espazos deportivo, infantil ou musical entre outros. Neste sentido, o concello debe empregar e ter en consideración todas as ferramentas que teña ao seu dispor para dar resposta a intereses e demandas colectivas contribuíndo a promover tanto o desenvolvemento individual, a integración social e a participación, fomentando os intereses peculiares da provincia .*

4º.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe de 46.121,50 €, mediante incorporación de remanente de 2021.*

5º.- *Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade, debido a que non nos podemos acoller a ningunha outra convocatoria específica para este tipo de investimento destinado a entidades locais pola contía do proxecto, e non foi incluído no POS+2021 por ter comprometidos os fondos para realizar o investimento de Instalacións deportivas Mondego, Módulo cuberto Fase I, e ao estar en tramitación a subvención nominativa non se incluiu no POS+2022.*

6º.- *Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.*

7º.- *Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excma. Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

8º.- *Designar ao Sr. Alcalde D. Oscar Benito Portela Fernández, para a sinatura do convenio>>.*

Debátase o asunto coa intervención da sra. Mouriño Neira (SM), que fai relación aos antecedentes do expediente; da sra. Rodríguez Pena (BNG), que fala da importancia para o asociacionismo; da sra. Pardo Fafián (PSOE) que fala de emenda de deficiencias; e do sr. Tellado Villares (PP), que fala de correccións e informe desfavorable do arquitecto e anuncia que se absterán.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobado a corrección efectuada no proxecto técnico asinado en data 09-06-2022, redactado pola Arquitecta D.^a Ana Isabel Ecurís Villanustre, colexiada 2482, para a Reforma interior de edificación existente (antiga escola de Carnoedo), por importe total de 186.121,50 € (Base imponible: 153.819,42, IVE 32.302,08, Total: 186.121,50 €), na que se recollen os cambios derivados de erros materiais de xustificación de prezos descompostos, control de calidade, xestión de refugallo e subsanación de documentación, así como novo orzamento, deficiencias que se subsanan.

Segundo.- Solicitar subvención nominativa á Excma. Deputación Provincial por importe de 140.000,00 € para a execución de dito proxecto, que supón un 75,219682 de coeficiente de financiamento.

Terceiro.- A execución deste proxecto considérase de interese público para a cidadanía por motivos sociais, culturais e deportivos que supoñen o achegamento a zonas rurais para realizar actividades de interese xeral, tratando de impulsar o asociacionismo creando espazos que fortalezan os obxectivos das entidades asociativas e ademais está enfocado a fortalecer o movemento asociativo xuvenil, que se veu debilitado pola crise sanitaria, creando espazos deportivo, infantil ou musical entre outros. Neste sentido, o concello debe empregar e ter en consideración todas as ferramentas que teña ao seu dispor para dar resposta a intereses e demandas colectivas e contribuir a promover tanto o desenvolvemento individual, a integración social e a participación, fomentando os intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe de 46.121,50 €, mediante incorporación de remanente de 2021.

Quinto.- Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade, debido a que non nos podemos acoller a ningunha outra convocatoria específica para este tipo de investimento destinado a entidades locais pola contía do proxecto, e non foi incluído no POS+2021 por ter comprometidos os fondos para realizar o investimento de Instalacións deportivas Mondego, Módulo cuberto Fase I, e ao estar en tramitación a subvención nominativa non se incluiu no POS+2022.

Sexto.- Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

Sétimo.- Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excma. Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

Oitavo.- Designar ao Sr. Alcalde D. Oscar Benito Portela Fernández, para a sinatura do convenio.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

3º.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE SEDE DO XV ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA (EETG) 2023.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Proposta para que Sada sexa a sede do XV encontro de embarcacións tradicionais de Galicia (EETG) 2023.

1. Que Sada sexa a Sede do XV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG), coa presentación do proxecto de desenvolvemento de actividades a realizar.
2. Aceptar as bases que regulan o Proxecto de Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.
3. A integración do Goberno no Comité organizador do EETG.
4. Comprometerse o Concello a incluír no no orzamento municipal correspondente ao exercicio 2023 os fondos necesarios dunha achega económica mínima por importe de 30.000 €, que se destinará preferentemente á atención do Voluntariado, á acollida das tripulacións e a gastos de xestión e organización do EETG.

Asemade, o Concello de Sada acorda manter a colaboración necesaria coa organización do EETG, facilitando as xestións, servizos, persoal e medios para coordinación e organización de actividades e eventos que formen parte do proxecto.

5. A colaboración activa na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.
6. Comprometerse a poñer ao servizo do EETG os elementos de loxística, dotacionais e humanos, necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades.
7. Comprometerse a elaboración e tramitación dos permisos e plans de emerxencias que conforme ao requerido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade, no seu capítulo III, así coo na lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sexan necesarios para o normal desenvolvemento do EETG SADA 2023>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Mondaca González (SM) que expón a proposta da Concellería de Cultura; da sra. Rodríguez Pena (BNG) que fala da importancia de apoiar ese evento; da sra. Pardo Fafián (PSOE) quen pregunta ao sr. Interventor se esta declaración institucional implica que haxa unha partida no orzamento do 2023 separada para este evento.

O sr. Interventor respóndelle que a proposta é un compromiso, pero non se trata dun compromiso orzamentario, pero que non existe a posibilidade de aprobar pero non ten repercusión orzamentaria, o que se require é un compromiso, pero que desde o punto de vista orzamentario non ten ningún tipo de repercusión para o exercicio 2023, polo que se trata dun compromiso sen efectos orzamentarios.

Continúa a sra. Pardo Fafián (PSOE) apoia esta proposta e engade que o Goberno vaia traballando para aprobar o orzamento do vindeiro ano, en tempo e forma, para que, en novembro, estea aprobada a partida orzamentaria; a sra. Salorio Porral (PP) fala de boa iniciativa e que a van votar a favor, e recorda que dende fai máis dun ano hai empréstanos para a execución dos plans especiais dos barrios de Tenencia e Fontán, e que, por outra banda, a Balbina segue no porto de Lorbé.

A sra. Mondaca González (SM) respóndelle que, en relación, coa Balbina están pendentes do informe do carpinteiro de ribeira e que, cando o teñan, traerán a Balbina a Sada.

O sr. Alcalde respóndelle que, en relación aos barrios de Tenencia e Fontán, hai dúas ofertas en cada mesa de contratación, e están en valoración das mesmas.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros/as asistentes (14 presentes e 1 telemático) o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Que Sada sexa a Sede do XV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG), coa presentación do proxecto de desenvolvemento de actividades a realizar.

Segundo.- Aceptar as bases que regulan o Proxecto de Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Terceiro.- A integración do Goberno no Comité organizador do EETG.

Cuarto.- Comprometerse o Concello a incluír no no orzamento municipal correspondente ao exercicio 2023 os fondos necesarios dunha achega económica mínima por importe de 30.000 €, que se destinará preferentemente á atención do Voluntariado, á acollida das tripulacións e a gastos de xestión e organización do EETG. Asemade, o Concello de Sada acorda manter a colaboración necesaria coa organización do EETG, facilitando as xestións, servizos, persoal e medios para coordinación e organización de actividades e eventos que formen parte do proxecto.

Quinto.- A colaboración activa na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.

Sexto.- Comprometerse a poñer ao servizo do EETG os elementos de loxística, dotacionais e humanos, necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades.

Sétimo.- Comprometerse a elaboración e tramitación dos permisos e plans de emerxencias que conforme ao requirido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade, no seu capítulo III, así coo na lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sexan necesarios para o normal desenvolvemento do EETG SADA 2023.

4º.- CONVENIO URBANÍSTICO PARA A CESIÓN E URBANIZACIÓN DUN VIAL NO LUGAR DE FRAGA - VEIGUE.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Convenio urbanístico para a cesión e urbanización dun vial no lugar da Fraga – Veigue.

1º.- Aprobar o texto definitivo do Convenio urbanístico para a cesión e urbanización dunha vía no lugar da Fraga, na parroquia de Veigue (referenzas catastrais 7228303NJ5072N0001KY, 15076A002005730000ES, 15076A002005740000EZ e 15076A002007520000EM), que para o seu perfeccionamento e efectos deberá ser asinado por D. José Andrés Reimundez Pazos, Dª Josefa Álvarez Iglesias, D. Luis Lagares Díaz, D. José Lagares Souto e Dª María José Díaz Belmonte.

2º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para dar cumprimento a este acordo>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV) que lembra os erros no PXOM, e o prazo de cinco anos para o mantemento do camiño.

O secretario accidental informa sobre a exposición pública do convenio urbanístico.

O sr. Alcalde pregúntalle se houbo alegacións.

O secretario accidental respóndelle que non, como consta no informe de rexistro.

Deseguido a sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que é un camiño de servidume, que ten un interese estritamente privado, e que o prazo de cinco anos é moi escaso, se non se amplía o prazo, votará en contra, e pregunte se se lles informou aos estremeiros de que unha vez que ese camiño as circunstancias cambian.

O sr. García Cotelo (PP) fala de camiño de interese público nulo, sen saída, similar a outro que xa foi aprobado polo Pleno, non debería haber discriminación, e dado que un camiño ten unha vida útil de 20 - 30 anos, o prazo de conservación deberá ampliarse ata os 25 anos, nese caso votarán a favor.

O sr. Alcalde suliña que o primeiro convenio urbanístico aprobado tiña unha duración de cinco anos, e para este segundo propoñen 25 anos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) inquire que se deberá volver a facer unha exposición pública, porque houbo un erro.

O sr. Alcalde fala de tratar de forma igual os dous convenios.

O sr. García Cotelo (PP) engade que o regulamento da Lei do solo de Galicia establece o deber de conservación do camiño.



O secretario accidental informa sobre a revisión de actos administrativos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros/as asistentes (14 presentes e 1 telemático) o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobado o Convenio urbanístico para a cesión e urbanización dunha vía no lugar da Fraga, na parroquia de Veigue (referencias catastrais 7228303NJ5072N0001KY, 15076A002005730000ES, 15076A002005740000EZ e 15076A002007520000EM), que para o seu perfeccionamento e efectos deberá ser asinado por D. José Andrés Reimúndez Pazos, D^a Josefa Álvarez Iglesias, D. Luis Lagares Díaz, D. José Lagares Souto e D^a María José Díaz Belmonte, cun prazo de conservación de 25 anos.

Segundo.- Notificar o presente acordo a cantos aparezan como interesados no dito expediente.

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE GASTOS 2P/2022.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Proposta da Alcaldía de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2P/2022.

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 46.889,38 €>>.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Taibo Fernández (SM), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. García Freire (PP), e do sr. Alcalde.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 46.889,38 €.

6º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/22. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/22.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2022, do 27 de xuño, ao que dá lectura o secretario accidental, que recolle:

<<Modificación de crédito 15/22. Suplemento de crédito 01/22.

Primeiro.- Aprobado dentro do expediente de modificación de créditos 15/2022, o suplemento de crédito 01/2022 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 374.428,43 €:

Estado de gastos:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

<i>Aplicación</i>	<i>Denominación</i>	<i>Importe</i>
-------------------	---------------------	----------------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

135.63200	Seguridade e orde público. Reposición en edificios	12.000,00
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	1.331,00
165.60900	Alumeado público. Investimento en infraestruturas	932,06
2310.60000	Asistencia social primaria. Investimento en terreos	21.162,28
2311.22799	Xuventude. Outros traballos	19.000,00
2411.63200	CFO. Reposición en edificios	22.869,75
311.21300	Protección da salubridade pública. Mantemento maquinaria	570,01
311.22727	Protección da salubridade pública.	308,00
3231.21200	Educación infantil. Mantemento edificios	188,42
3231.22103	Educación infantil. Combustible	1.300,00
337.21000	Ocio. Mantemento infraestruturas	8.600,00
337.63200	Ocio. Reposición en edificios	3.910,97
338.22626	Festas	112.477,69
341.22609	Promoción do deporte. Actividades deportivas	35.000,00
342.22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos	30.000,00
342.63200	Instalacións deportivas. Reposición en edificios	8.000,00
4312.21200	Mercado. Mantemento edificios	3.448,50
432.22602	Turismo. Publicidade	2.299,00
439.22199	Outras actuacións sectoriais. Outras subministracións	350,90
442.62500	Infraestrutura de transporte. Mobiliario	672,76
453.61900	Camiños. Investimento de reposición en outras infraestruturas	49.435,76
912.62600	Órganos de goberno. Equipos proceso información	1.875,50
9200.21300	Administración xeral. Mantemento maquinaria	214,47
9200.22000	Administración xeral. Mantemento maquinaria	411,40
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	420,00
9200.22200	Administración xeral. Telefonía	365,49
9200.22604	Administración xeral. Gastos xurídicos, contenciosos	25.052,27
9200.22702	Administración xeral. Peritaxes	3.750,00
9200.22799	Administración xeral. Outros traballos	8.482,20
TOTAL		374.428,43

Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	374.428,43
TOTAL		374.428,43

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor>>.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Taibo Fernández (SM), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. García Freire (PP), e do sr. Alcalde.

A continuación procédesse á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 15/2022, o suplemento de crédito 01/2022 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 374.428,43 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
135.63200	Seguridade e orde público. Reposición en edificios	12.000,00
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	1.331,00
165.60900	Alumeado público. Investimento en infraestruturas	932,06
2310.60000	Asistencia social primaria. Investimento en terreos	21.162,28
2311.22799	Xuventude. Outros traballos	19.000,00
2411.63200	CFO. Reposición en edificios	22.869,75
311.21300	Protección da salubridade pública. Mantemento maquinaria	570,01
311.22727	Protección da salubridade pública.	308,00
3231.21200	Educación infantil. Mantemento edificios	188,42
3231.22103	Educación infantil. Combustible	1.300,00
337.21000	Ocio. Mantemento infraestruturas	8.600,00
337.63200	Ocio. Reposición en edificios	3.910,97
338.22626	Festas	112.477,69
341.22609	Promoción do deporte. Actividades deportivas	35.000,00
342.22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos	30.000,00
342.63200	Instalacións deportivas. Reposición en edificios	8.000,00
4312.21200	Mercado. Mantemento edificios	3.448,50
432.22602	Turismo. Publicidade	2.299,00
439.22199	Outras actuacións sectoriais. Outras subministracións	350,90
442.62500	Infraestrutura de transporte. Mobiliario	672,76
453.61900	Camiños. Investimento de reposición en outras infraestruturas	49.435,76

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



912.62600	Órganos de goberno. Equipos proceso información	1.875,50
9200.21300	Administración xeral. Mantemento maquinaria	214,47
9200.22000	Administración xeral. Mantemento maquinaria	411,40
9200.22199	Administración xeral. Outras subministracións	420,00
9200.22200	Administración xeral. Telefonía	365,49
9200.22604	Administración xeral. Gastos xurídicos, contenciosos	25.052,27
9200.22702	Administración xeral. Peritaxes	3.750,00
9200.22799	Administración xeral. Outros traballos	8.482,20
TOTAL		374.428,43

Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	374.428,43
TOTAL		374.428,43

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

7º.- CONTROL DE ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de maio (núm. 701) ata o 23 de xuño de 2022 (núm. 879).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de maio (núm. 701, do expediente 2022/G003/00750) ata o 23 de xuño de 2022 (núm.879, do expediente 2022/G003/000943), que foron postas de manifesto á secretaría da Corporación.

O sr. Alcalde sinala que no punto anterior xa deu conta, no debate, do remanente de tesourería como consecuencia da liquidación do orzamento municipal para 2021.

B.- Mocións.**B.1.- Moción do grupo municipal do PP relativa á transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.**

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP (registro de entrada número 202299900002306, do 25/06/2022), que literalmente sinala:

<<Moción do grupo municipal popular en relación á transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. A



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, desde a comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaría a simplificación de trámites e evitaría a duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios e que Galicia e que, ademais, a transferencia da xestión permitiría rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo mar-industria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Sada vese directamente afectada por estas cuestións, deslinde e concesión da Terraza, edificacións en zona de servidume, etc.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

“O Pleno do Concello de Sada insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre”>>.

O sr. García Cotelo (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Debátese o asunto coa intervención do sr. García Cotelo (PP), da sra. Nogareda Marzoa (AV) pregunta se hai algunha emenda, habendo unha emenda do BNG, que literalmente sinala:

“O pleno do Concello de insta a Xunta de Galiza a solicitar urxentemente a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras comunidades autónomas”.

Continúa o debate coa intervención da sra. Pardo Fafián (PSOE), que anuncia o voto favorable á emenda do BNG; o sr. Fariña Andrade (SM) que fala de guerra política, e votarán a favor; do sr. Alcalde; do sr. García Cotelo (PP), quen acepta a emenda; .

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do BNG, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros/as asistentes (14 presentes e 1 telemático) o seguinte **ACORDO:**

Único.- O pleno do Concello de insta a Xunta de Galiza a solicitar urxentemente a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras comunidades autónomas.

B.2.- Moción do grupo municipal do PP relativa á recollida de biorresiduos.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP (registro de entrada número 202299900002307, do 25/06/2022), que literalmente sinala:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



<<Moción do grupo municipal popular sobre a recollida de biorresiduos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de abril entrou en vigor a Ley 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular. No artigo 25 desta normativa, o Goberno central introduce a esixencia de que os concellos de máis de 5.000 habitantes, como o noso, deben ter implantada antes do 30 de xuño de 2022 a recollida separada dos biorresiduos de orixe doméstica.

Pola súa parte, tanto a Directiva Marco de Residuos europea como a Lei de Residuos de Galicia sitúan este prazo para implantar o quinto contedor a finais de 2023, sen diferenciar aos municipios en función da súa poboación.

Polo tanto, a decisión do Goberno central o que fai é reducir o prazo para as entidades locais de máis de 5.000 habitantes en 18 meses e darlles só 2 meses tras a entrada en vigor da lei para implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Esta decisión afecta en Galicia a máis dun cento de concellos que teñen unha poboación superior ao 5.000 habitantes, Sada incluída, e que se ven obrigados a acelerar un proceso que leva meses implantar, co conseguinte prexuízo para os municipios e a práctica imposibilidade de cumprir os prazos fixados por lei.

Sendo, a todas luces, un período de tempo practicamente inasumible para que a maior parte dos concellos poidan implantar a necesaria recollida separada dos biorresiduos para o seu posterior axeitado tratamento.

Ademais, cómpre sinalar que o incumprimento deste prazo leva aparelado sancións de ata 100.000 euros para as entidades locais, xa que a lei estatal considera este feito como unha infracción grave.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

“O Pleno do Concello Sada insta ao Goberno central a ampliar o prazo fixado na Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos para que os municipios de máis de 5.000 habitantes implanten a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023>>.”

A sra. Salorio Porral (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Salorio Porral (PP); da sra. Nogareda Marzoa (AV), quen novamente pregunta se hai algunha emenda, e que apoiará a moción; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); e da sra. Rúa Prieto (SM).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros/as asistentes (14 presentes e 1 telemático) o seguinte **ACORDO**:

Único.- O Pleno do Concello Sada insta ao Goberno central a ampliar o prazo fixado na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos para que os municipios de máis de 5.000 habitantes implanten a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023.

B.3.- Moción do grupo municipal de AV relativa ao reinicio das obras de execución da Vía Ártabra.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal de AV (registro de entrada número 202299900002354, do 29/06/2022), que literalmente sinala:

<<Moción do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” a prol do reinicio das obras de execución da Vía Ártabra.

Antecedentes.-

A comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos.

A falta de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico, causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, aos traballadores, aos estudantes, aos doentes que teñen que ir aos centros médicos, ao comercio... Unha situación que



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da Área Metropolitana, que non favorece o asentamento de novas empresa e que en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e á súa comarca son as de máis tráfico de Galicia, así pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida Alfonso Molina a cifra increméntase ata os 106.000 automóviles. Este problema foi tratado en diversas ocasións ao longo dos anos desde os concellos, a Deputación, os sindicatos -CCOO, UXT, CIG- e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime en 1998 no Pazo de Mariñán no que se aprobou un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de viais, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a redacción dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira as conexións dos concellos da área metropolitana, conectara os polígonos industriais e comerciais e facilitara o desprazamento áxil da cidadanía ao distintos servizos da área de influencia: laborais, educativos, sanitarios, portuarios...

Este vial, coñecido como Vía Ártabra, iníciase coa aprobación e redacción do proxecto no ano 2004 polo goberno galego do Partido Popular. Unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a N-VI a través dos concellos de Oleiros e Sada, sen ningún tipo de problema.

A última fase contratada polo actual goberno galego para conectar a Vía Ártabra coa N-VI e coa AP-9, na Gándara, está paralizada por sentenza xudicial debido a uns erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte retraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e o erario público.

O Concello de Cambre oponse aos proxectos contratados polos intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión coa AP-9 na Gándara, pretende que se inicie un novo proxecto para a Vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia, o que ocasionaría unha demora doutros vinte anos na creación de tan necesario vial para a comarca da Coruña.

Por todo o exposto, propónse ó pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Rexeitar a ofensiva xudicial contra a Vía Ártabra por parte do Concello de Cambre, que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando á Xunta de Galicia á paralización dun investimento de 40 M€ e provocando un retraso aínda imprevisible no desenvolvemento desta infraestrutura.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos que provocaron as sentenzas xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

Terceiro.- Solicitar do goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da Vía Ártabra coa N-VI, coa fin de reiniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

Cuarto.- Demandar da Xunta de Galicia que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da Vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo que a normativa o permita.

Quinto.- Que se proceda á redacción do proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ós concellos da Área da Coruña>>.

O sr. Blanco González (AV) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Debátese o asunto coa intervención do sr. Blanco González (AV); do sr. Alcalde que sinala que o seu grupo (SM) presenta a emenda consistente na supresión do punto primeiro e engadir o punto “solicitar ao Goberno do Estado, a gratuidade do tramo da AP-9, entre a Vía Ártabra e A Coruña”.

Continúa o debate coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Tellado Villares (PP), que sinala que poderían engadir <<Instar ao Goberno de Sada a que se interese pola conexión da vila e o seu entorno coa Vía Ártabra, incluíndo a terminación das obras na Avenida de Sada y sus Contornos>>; do sr. Alcalde; do sr. Blanco González (AV); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García Cotelo (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda de SM, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (6 SM).
- Votos en contra: 9 (5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



- Abstencións: Ningún.

Deseguido, procédese á votación da moción de AV coa emenda engadida de SM sobre a gratuidade, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 AV).

- Votos en contra: 6 (6 SM).

- Abstencións: 2 (1 BNG e 1 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Rexeitar a ofensiva xudicial contra a Vía Ártabra por parte do Concello de Cambre, que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando á Xunta de Galicia á paralización dun investimento de 40 M€ e provocando un retraso aínda imprevisible no desenvolvemento desta infraestrutura.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos que provocaron as sentenzas xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

Terceiro.- Solicitar do goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da Vía Ártabra coa N-VI, coa fin de reiniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

Cuarto.- Demandar da Xunta de Galicia que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da Vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo que a normativa o permita.

Quinto.- Que se proceda á redacción do proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

Sexto.- Solicitar ao Goberno do Estado a gratuidade do tramo da AP-9, entre a Vía Ártabra e A Coruña.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ós concellos da Área da Coruña.

B.4.- Moción do grupo municipal de AV relativa á recuperación da parcela na zona de costas para uso público, municipal e asociativo.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal de AV (registro de entrada número 202299900002353, do 29/06/2022), que literalmente sinala:

<<Moción de Alternativa dos Veciños a favor da recuperación da parcela na zona de costas para uso público, municipal e asociativo.

Antecedentes.-

A Sociedade recreativa, cultural e deportiva de Sada constituíuse o día 30 de agosto de 1962. Desde entón e ata o día de hoxe esta Sociedade ven desenvolvendo as súas actividades no local social que está situado nunha parcela pública, froito dunha antiga concesión de Costas ao Concello no ano 1952.

Incomprensiblemente o 22 de setembro do 2000 a corporación presidida por Ramón Rodríguez Ares, coa desculpa da realización do Proxecto de Recuperación do Borde Litoral da Praia de Sada, acordou renunciar á concesión da parcela na que estaba construído o local social desta Entidade e a que o Concello xa lle outorgara licenza e autorización de uso do solo. A actitude do Concello ante Costas, levou a este organismo a ordenar a demolición do edificio para realizar un Paseo que nunca se chegou a facer e que a día de hoxe sería inviable.

Desde hai vinte anos a Sociedade recreativa, cultural e deportiva de Sada está a sufrir unha situación crítica coa baixa de centos de socios e socias e a eliminación de moitas das actividades que levaban a cabo. Como consecuencia desta situación os seus directivos ofrecéronlle ao concello a cesión das instalacións para simultanear todas as actividades das que o pobo de Sada viña gozando desde hai máis de sesenta anos.

O pleno do 30 de outubro de 2007 acordou por unanimidade que o edificio da Sociedade, deseñado polo prestixioso arquitecto Andrés Fernández – Albalat, se mantivera en pé e non fora demolido mais a xefatura de Costas fixo un requirimento para que, a pesar de que tiña licenza, se efectuara a mencionada demolición. Como se sabe, Costas nin executou o Paseo nin demoleu o edificio.

España está sementada de concesións na zona marítimo terrestre, a maior parte privadas e situadas en praias con edificios de vivendas e locais de hostalaría na mesma contorna

Por todo o exposto e ante a carencia que a vila de Sada ten de locais para actividades sociais e culturais, o grupo municipal de



Alternativa dos Veciños propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Sada solicite novamente a concesión que lle fora outorgada no ano 1952 a respecto do uso das instalacións situadas na Rúa da Praia, 1, local onde desenvolve a súa actividade a entidade Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva Sada; coa fin de levar a cabo no lugar actividades municipais e actividades veciñais de forma que se comparta o espazo.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para levar adiante todas as xestións necesarias para a consecución da citada concesión >>.

O sr. Blanco González (AV) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 1 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Debátase o asunto coa intervención do sr. Blanco González (AV); do sr. Alcalde que sinala que o seu grupo (SM) presenta a emenda seguinte:

<<Solicitar á Demarcación de Costas do Estado (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) unha concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre nos terreos do edificio da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Sada, axustando as condicións e termos da dita solicitude ao contido do proxecto de reordenación do bordo litoral, en fase de redacción, así como ao que en relación ao mesmo se informe preceptivamente por Costas do Estado>>.

Continúa o debate coa intervención do sr. Alcalde; do sr. Blanco González (AV); da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Blanco González (AV).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda de SM, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Votos en contra: 8 (5 PP, 1 PSOE e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Deseguido, procédese á votación da moción de AV, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM, 1 PSOE e 1 BNG).
- Abstencións: Ningún.

Resultando rexeitada, por maioría absoluta, a aprobación da moción de AV.

C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) lembra que ten dous rogos e tres preguntas da sesión anterior:

- Reitera o rogo para que se lle facilite a documentación relativa á Urbanización Riobao 63B, solicitada fai máis de tres meses.

A sra. Salorio Porral (PP) sinala que eles recibiron a documentación que solicitaron, que non sabe se coincide coa pedida pola sra. Pardo Fafián (PSOE).

- Reitera o rogo para que se lle facilite a documentación relativa aos traballos realizados no amaño de fochancas da Avenida Sada y sus Contornos, solicitada hai case tres meses.

- Reitera a pregunta en relación ás responsabilidades patrimoniais sobre o parque infantil do paseo marítimo de Sada, lembrando que se lle deu acceso ao correspondente á amputación dun dedo, que consta de máis de 1.800 folios, no que non figura o ditame do Consello Consultivo de Galicia, pero que semella que se determina que existe responsabilidade do Concello de Sada, segunda a documentación que se lle mandou.

O sr. Alcalde acláralle que existen dúas peritaxes, estando, a primeira, contida no recoñecemento extraxudicial.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pide que se lle faga entrega desa documentación, así como das restantes responsabilidades patrimoniais e do ditame do Consello Consultivo de Galicia.



- Reitera a pregunta á sra. Rúa Prieto (SM), polo recheo de Lácere (Mondego) e do Tarabelo, para saber en que punto están e se se fixo algo dende o cinco de xaneiro.

A sra. Rúa Prieto (SM) respóndelle que está aberto, ata que estean os informes que faltan, polo que seguirá o seu curso.

- Reitera a pregunta de cal é o proceder do Rexistro Xeral cando chega un escrito e se rexistra ao destino 11 - Alcaldía, quen recolle esa documentación, e como se recolle, porque un documento no que figura un arquivo pdf, relativo á uniformidade e funcións do auxiliar da Policía Local.

O sr. Alcalde responde que é coñecedor do documento, pero non está nin nunca estivo na Alcaldía.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle, ao sr. Alcalde, en relación ás licitacións pendentes, como a do servizo de avogados e procuradores, da que leva preguntando dende hai catro sesións plenarias, en que cualidade foi citado para ir a declarar o vindeiro 29 de setembro.

O sr. Alcalde respóndelle que en cualidade de investigado, xunto con outras dúas persoas, e que espera que a licitación dos servizo de asistencia xurídica vaia á seguinte Xunta de Goberno, despois de tres informes da Secretaría.

2ª) Pregúntalle, ao sr. Alcalde, en relación ao pedimento de expediente informativo, se é certo o que di un informe de Secretaría, que lle pediron, en relación coas funcións dos cargos públicos.

O sr. Alcalde respóndelle que o está lendo.

3ª) Pregúntalle, ao sr. Alcalde, en relación ao pedimento de expediente informativo, se é certo o que di un informe de Secretaría, que lle pediron, en relación coas responsabilidades disciplinarias das autoridades e funcionarios públicos.

O sr. Alcalde respóndelle que está lendo o informe.

4ª) Pregúntalle, ao sr. Alcalde, se vai abrir o expediente disciplinario ao que se comprometeu en xaneiro deste ano.

O sr. Alcalde respóndelle que non.

5ª) Pregúntalle, á sra. Nogareda Marzoa (AV), qué opina de que non se teña aperturado un expediente informativo, e se estea empurrando ao traballador a un proceso xudicial.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que non se actuou con transparencia, á vista do informe de Secretaría, que lles chegou hoxe.

O Alcalde coméntalle que lle sorprende que oficialmente lles chegase hoxe o dito informe.

6ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde, en relación coa nova do xornal sobre a denuncia por condución temeraria polos auxiliares da Policía Local, que foi arquivada precisando o avogado que o motivo fóra a falta de competencia, se vai dar orde para que ese funcionario leve o vestiario que lle corresponde e realice as funcións que lle corresponde e cando o vai facer.

O sr. Alcalde respóndelle que as funcións xa veñen definidas nunha sentenza e que en relación a uniformidade tivo unha reunión co entón xefe da Policía Local, quen pedira o informe anteriormente sinalado, cambiouse nese momento.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) comenta que agora xa coñece o contido do dito informe, que está perdido e que non llo puido facer chegar.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000010

O sr. Alcalde engade que o dito informe sinalaba que non podía levar armas, que tiña unhas funcións similares ás de policía en tráfico e seguridade cidadá e que o vestiario tiña que ter un distintivo, que se situou nese momento, que a súa placa deixou de ser un número de policía e pasou a ser un número de auxiliar.

O sr. Tellado Villares (PP) formula o rogo seguinte:

1º) Roga que a ver se poden ir arranxar as duchas da Praia Nova, que están máis próximas ás pistas polideportivas.

O sr. García Cotelo realiza a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta se xa teñen data para o simulacro.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que non.

A sra. Salorio Porral (PP) salienta que tiña razón o seu compañeiro, porque a resposta aínda é máis sinxela que a pregunta.

A sra. Salorio Porral (PP) realiza as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta, en relación coa nova concesión do servizo de axuda no fogar, do que hai queixas no funcionamento, e dado que non hai concellería delegada de Servizos Sociais, se están relacionadas, quen está controlando o cumprimento por parte da concesionaria, canto tempo se lle vai dar de máis para que solucione o asunto.

O sr. Alcalde respóndelle que xa teñen preparado o requirimento polo incumprimento das horas que teñen que cumprir, e que teñen que contratar as persoas precisas para cubrir esas horas que teñen que cumprir, e non ten nada que ver coa falta de concellería delegada.

2ª) Pregunta para cando a reparación da Avenida de Sada y sus Contornos.

O sr. Alcalde respóndelle que mañá han facer unha comprobación de compactidade para facer con cargo á empresa con cargo á execución dos avais, por unha mala execución de parte da obra, tendo a dúbida de quen os debe executar, a Xunta de Galicia ou o Concello de Sada, porque a obra ten que ser recepcionada pola Xunta, aínda que a estrada estea agora cedida tacitamente pola Xunta de Galicia.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e dous minutos do día xoves 30 de xuño do 2022, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.